

Autor:

Sónia Fernández Pérez

Título:

Atlas da catedral románica de Santiago de Compostela: un encontro da Arte Medieval coas novas tecnoloxías

Resumo:

A presente comunicación trata de ser unha pequena mostra dun proxecto de colaboración, levado a cabo durante o ano 2003, entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia, por medio da S.A. do Xacobeo, polo cal se quixo realizar un ambicioso proxecto no que se trataba de recopilar a máxima información sobor do estado da cuestión da devandita Catedral en época románica.

Para levar a cabo todo isto, foi necesaria unha importante labor de investigación, xa que a idea era, ademáis de recoller os froitos de anteriores investigacións, propoñer novas teorías sobor dalgúns temas que quedaban un tanto esquecidos ou pouco tratados, como pode ser o caso da reconstrucción da Primitiva Porta Norde da Catedral.

Sen dúbida, a idea de introducir as novas tecnoloxías ó estudio da Historia da Arte, aportará, como veremos, novos formatos que van facilitar, en gran medida, o labor tanto do estudioso como da persoa que se queira achegar ó mundo da Arte, xa que permite solucións moito máis atractiva para o público.